



Concello de Lugo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO
MLA/cml
Refª: ANUNCIO ADXUDICACION
Asunto: anuncio adxudicacion

EXCMO. CONCELLO DE LUGO
ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 151 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato:

a) Tipo de contrato: servizos

b) Descrición do obxecto: É obxecto deste contrato a prestación do SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DE PAVIMENTACIÓN, MOBILIARIO E SINALIZACIÓN VERTICAL DA REDE VIARIA MUNICIPAL todo elo de acordo coas condicións técnicas elaboradas polo arquitecto técnico municipal.

3.- Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedemento: aberto

4.- Tipo de licitación:

a) Orzamento máximo do contrato: o prezo máximo do contrato será de 65.000 euros, IVE incluído

5.- Adxudicación:

a) Data: 28 de novembro de 2013

b) Contratista: ASOGAL CONSTRUCCIONES S.L

c) Nacionalidade: española

d) Orzamento máximo do contrato: é de **53.300 euros**, máis o 21% IVE (**11.193 euros**), resultando un total **64.493 euros IVE** incluído. Así mesmo oferta un incremento de man de obra consistente na nova contratación laboral de **1 traballador** en situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 6 meses no paro a maiores dos establecidos como mínimo durante **90 días a xornada laboral completa**; e unha cantidade económica de **1.000 euros** a maiores da cantidade económica esixida como mínima (3.000 euros) no prego de prescricións técnicas para a adquisición de material destinado á execución do contrato.

6.- Prazo en que debe procederse á formalización do contrato:

Non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación por parte dos licitadores.

Lugo, 29 de novembro de 2013
O ALCALDE,
P.D. TENENTE-ALCALDE DA AREA
(Decreto nº 13008312)
Asdo.: Sonia Mendez Garcia



MURALLA
patrimonio da humanidade